

**3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

**INSTRUCCIÓN:**

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es) , logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**1. Indique a serie de formas verbais correcta:**

- A) Dei, deches, dou, demos, destes, diron.
- B) Couben, coubeches, coubo, coubemos, coubestes, couberon.
- C) Dixen, dixeches, dixo, dixemos, dixéchedes, dixeron.
- D) Oín, oíches, oeu, oímos, oístes, oíron.

**2. Indique a serie de palabras correcta:**

- A) Verdade, herdade, bondade, trindade.
- B) Enfermedade, novidade, vontade, realidade.
- C) Solidaridade, notoriedade, variedade, novidade.
- D) Libertade, pubertade, crueldade, mortaldade.

**3. Indique a serie de palabras correcta en galego:**

- A) Glicosa, glicemia.
- B) Alveolo, análise.
- C) Xaxun, infección.
- D) Carótida, suero.

**4. A parte da medicina que consiste en realizar operacións manualmente e coa axuda de instrumentos nun corpo vivo, denomínase en galego:**

- A) Cirugía.
- B) Ciruxía.
- C) Cirurxía.
- D) Quirúrxia.

**5. Indique cal das seguintes palabras pertence ao xénero masculino:**

- A) Dor.
- B) Cor.
- C) Labor.
- D) Paisaxe.

**6. Seleccione a palabra correcta en galego:**

- A) Cranio.
- B) Crise.
- C) Cónxugue.
- D) As respostas A) e B) son correctas.

**7. NON é correcto en galego:**

- A) Abelá.
- B) Harmonía.
- C) Ousadía.
- D) Asasiñato.

**8. Indique a opción correcta en galego:**

- A) Este libro é meu e eses son teus.
- B) Este libro é meu e esos son teus.
- C) Este libro e meu e eses son teus.
- D) Este libro e meu e esos son teus.

**9. A parte posterior do pescozo, onde empeza a cabeza, denomínase en galego:**

- A) Nuca.
- B) Caluga.
- C) Colo.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

**10. NON é correcto en galego:**

- A) Xeo.
- B) Heroe.
- C) Inxeción.
- D) Espiñazo.

Preguntas de reserva

**1. Sinale a forma correcta de pór en galego a frase: "El automóvil se detuvo en el arcén de la autopista, a cincuenta kilómetros de la salida norte"**

- A) O automóvil se detivo na beiravía da autoestrada, a cincuenta kilómetros da saída norde.
- B) O automóbil detívose na beirarrúa da autoestrada, a cincuenta quilómetros da saída norte.
- C) O automóbil detívose na beiravía da autoestrada, a cincuenta quilómetros da saída norte.
- D) O automóbil detívose no arcén da autoestrada, a cincuenta quilómetros da saída norde.

**2. Indique cal das seguintes palabras é INCORRECTA en galego:**

- A) Vulto.
- B) Avaría.
- C) Cesamento.
- D) Codicia.